

ARTE

Victoriano Fernández, a materia con son interior

O artista experimenta con series, a que corresponde a praias fórmans superficies densas, noutras poetiza sobre cousas humildes, abordando motivos cotiáns e nimios

FÁTIMA OTERO • SANTIAGO

Unha maneira de alargar o tempo conséguese gardando momentos importantes, intres lembrados. Esas impresións son as que pretende conservar o artista coruñés Victoriano Fernández na mostra inaugurada o pasado 20 de marzo na santiaguesa galería La Campana, e que se prolongará durante o presente mes de abril.

O artista experimenta con series. A que corresponde a praias fórmans superficies densas, moi traballadas, que ó primeiro golpe de vista remiten inmediatamente a esa porción de espacío que rodea as nosas rías, a ese litoral noso marcado pola tráxica marea negra do *Prestige*, un pesadelo do que todos comezamos a saír.

O autor, aínda que mozo, vive os problemas apremantes do momento, pero a súa percepción artística non se postula nin denuncia ningunha inxustiza senón que se basea nunha visión ben distinta. Simplemente expresa un modo de estar en contacto co mundo, mirar o manto superficial en busca do don perdido, aquel estrato virxe interrompido por manchas de alcatrán.

O uso de cores sucias e carnosas moi manidas por Tapiés; en ocasións lembran lenzos de Xoti de Luis, co que mantén estreitos contactos. Afástanse tanto do mestre co que se formou, Antonio García Patiño, como da pintura do seu pai, Laureano, que por certo tamén coincide expoñendo na capital galega.

Tons xa de por si denotadores de certo arcaísmo, subliñan máis o título da mostra "terraneas".

As pinturas loan a vetusta terra de tonalidades rochosas ou a forza do basalto ou a pírta, esa negrura que no seu interior é clara e poderosa e fala de reali-



Serie Playa (arriba) e Cama II (abaixo)

dades profundas, de vida sepultada por lavas de petróleo ou en todo caso marcada ou gravada por acenos signícos indelebles.

Manchas e pinceladas ema-

nadas dunha forte impresión peneirada pola psicoloxía do artista.

Uns fondos que lonxe de ser panorámica pasan a ser parcela,

detalle dun impacto captado en estado bruto e por iso tremendamente vital e paixonal.

Alá por febreiro do 2000, con motivo dunha mostra nesta mesma cidade, neste mesmo medio comentabamos o lonxe que estaba o artista de engadir materiais raros alleos ó medio pictórico ou rugosidades e espesuras ó uso. Actualmente, Victoriano Fernández non só os valores senón que loa o valor máterico da pasta, o emprego de trapos usados ou o uso de papeis engadidos en colaxe á superficie do lenzo.

Noutras series poetiza sobre cousas humildes, abordando motivos tan cotiáns e nimios como unha cama ou unha cruz. Iconos que conforman a serie de camas ou cruceiros, desenvólvense nun estilo informalista.

Son portadores dunha importante memoria colectiva, motivos que seduciron a artistas de todas as latitudes en manifestacións como o vídeo, a instalación ou a propia pintura, por compartir momentos de duelo, soidade ou gozo.

Coñecedor da vangarda, a mostra pretendía presentarse baixo o espírito da performance. Envolveo os lenzos en plásticos, o visitante sería partícipe dunhas vivencias que renacerían, indefectiblemente, como memoria de algo que sucedeu.

O intento quedou niso. A cambio, a experiencia visual preséntase cun desenvolvemento pictórico de libre factura a poder de xogos de materiais buscadores de efectos mátericos na liña continuadora de Antoni Clavé.

Mesmo en series anteriores relega os grises e pardos por xogos cromáticos máis fortes, baseados nos contrastes vermello e negro que experimentou o catalán nos anos 50.

CINE

Un intento de pasa-la fronteira interior da cidade de Nova York

MIGUEL SUÁREZ ABEL • SANTIAGO

EMPIRE

Director: Franc Reyes
Intérpretes: John Leguizamo, Peter Sarsgaard, Denise Richards, Vincent Laresca

Non resulta doado meter unha cámara dentro da cabeza dun protagonista narrador, tal vez por iso *Empire*, película dirixida con tal intención por Franc Reyes, arrinca indecisa, indefinida, torpe, por máis que se envorque de contado neses lugares de Nova York onde a droga e a violencia crean unhas regras e estilo de vida propios. O protagonista do relato, interpretado con relativa credibilidade polo colombiano John Leguizamo, conta a biografía da súa loita por ser algo dentro dese mundo, e, unha vez que o consegue, o atrevemento, risco e consecuencias de pretender dá-lo salto a outra cidade dentro da cidade, pois Nova York está cheo de cidades dentro de si).

A historia bebe de fontes fiables. O propio Reyes criouse no peor do Bronx e vese que sabe as leis polas que se goberna esa capa primeira de droga e violencia, a máis dura, a menos disimulada, pero con escasas diferencias no fundamento entre os motivos que moven ós negociantes dun lado e outro da cidade. Poder e cartos como disparo de cada conducta; ambición sen freo; determinación nas decisións; viveza na captación das intencións do competidor, do inimigo. Coa diferenza de que no Bronx, na cidade máis miserable, algunhas leis de amizade e lealdade resisten ata o último momento sen o cinismo e camuflaxe que permiten as boas maneiras e aprendizaxes da cidade dos negocios "limpos".

A medida que a narración trata de contraponer estas cidades veciñas, distanciadas por unha fronteira tan rixida e impenetrable, gaña en credibilidade e interese, pero aínda así, por elixir un mal ton narrativo, un reparto non acertado, e por baixa-lo ritmo nos momentos menos apropiados, non acaba de satisfacer. Iso que por debaixo soa a banda co selo de Rubén Blades e que o que se conta, conflito entre cidades tan pegadas como distantes, unidas pola ambición e a violencia, separadas polo estilo de convivencia, a cada paso será narrada co acento destas voces hispanas.

A DEPUTACIÓN DE OURENSE

COA NOSA

CULTURA

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Teatro Principal

CENTRO CULTURAL DEPUTACIÓN OURENSE

PAZO DE VILANARIN

REAL BRASO DE OBERA DEPUTACIÓN OURENSE

escola provincial de danza

XORRABAS FOLCLORE

ORRADOIRO DE INSTRUMENTOS

ESCOLA DE ARTES E OFICIOS

Biblioteca